

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena Mercedes
Álvarez Álvarez, María Salomé
Álvarez González, David
Álvarez González, Susana
Arévalo Tomé, Raquel
Calviño Rodríguez, Xulio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Cruz González, María Montserrat
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fernández Villarino, M^a de los
Ángeles
Formella, Arno
García Mateo, María Carmen
Garza Gil, María Dolores
González Álvarez, María Dolores
González Penín, Ana Isabel
Hernández Sánchez, Jesús
Larriba Leira, M^a Elvira
López Mira, Álvaro Xosé
Lorenzo González, María de las
Nieves
Martínez Gómez, Sandra María
Martínez Rolán, Luís Xabier
Mociño González, María Isabel
Mollinedo Lois, Carlos
Paz Penín, María Concepción
Pazos Currás, Marta María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Vázquez, María Consuelo
Pillado González, Esther María
Porteiro Fresco, Jacobo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Pousa, Estela
Rodríguez Rodríguez, Emma
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Santos Grandal, Juan
Soto González, María Mercedes
Vázquez Otero, María Elsa
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA
Pazos Couto, José María
Pérez Rodríguez, María Rosa
Ruiz Hidalgo, María del Carmen

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 01 de xullo de 2026, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 h. do día 01 de xullo de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida pola reitora, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. A reitora, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

Punto único. Trámite de audiencia ao Consello de Goberno sobre a persoa que exercerá a Xerencia (artigo 33 dos Estatutos da Universidade de Vigo).

A reitora dá a benvinda ás persoas membros do Consello de Goberno e explica que o obxecto da sesión extraordinaria é dar cumprimento ao trámite previsto no artigo 33 dos Estatutos da Universidade de Vigo, que establece a audiencia do Consello de Goberno con carácter previo ao nomeamento da persoa titular da Xerencia.

A continuación, presenta a proposta de nomeamento de D.^a Ana María Comesaña Álvarez como xerenta da Universidade de Vigo, realizando unha exposición da súa traxectoria académica e profesional. Destaca a súa ampla experiencia na dirección de recursos humanos e relacións laborais en grandes organizacións públicas, así como o desempeño de diversos cargos de responsabilidade no Servizo Galego de Saúde, no Servizo Canario de Saúde, no Servizo Madrileño de Saúde e na propia Universidade de Vigo, onde exerceu como vicexerenta de Persoal.

Na quenda de intervencións, D.^a Ana Isabel González Penín pregunta como se prevé organizar a estrutura da Xerencia e, en particular, se se manterán as actuais Vicexerencias.

A reitora responde que o obxectivo inmediato é proceder ao nomeamento da nova xerenta e que será posteriormente cando se vaia definindo a organización da Xerencia. Engade que, en todo caso, a vontade do equipo de goberno é garantir unha transición ordenada, sen introducir cambios bruscos que poidan afectar ao normal funcionamento da institución, polo que, polo momento, as actuais Vicexerencias continuarán desempeñando as súas funcións.



Non se producen máis intervencións, manifestando o Consello de Goberno a súa conformidade coa proposta presentada.

Antes de levantar a sesión, a reitora informa de que, previsiblemente, o Claustro Constituínte terá lugar o día 13 de xullo, sen prexuízo da correspondente convocatoria oficial.

A reitora agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:10 h. do día 01 de xullo de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitora.

A reitora

A secretaria xeral